

PROCEDIMIENTO DE ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN A TRAVÉS DA VÍA ÓTICA

FEMORA

Procedimentos de enfermería: Administración de medicación

DATA DE ELABORACIÓN: 2022

EDITA: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde.

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

LUGAR: Santiago de Compostela

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Servizo de Integración Asistencial

ANO: 2022

AUTORES:

- **Basanta Basanta, Aida.** Enfermeira. Centro de saúde de Mondoñedo. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Castro Murias, María del Mar.** Supervisora Medicina Preventiva Hospital Universitario Lucus Augusti. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Jiménez Díaz, Lidia Raquel.** Enfermeira Hospital Universitario Lucus Augusti. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Martínez López, Ángeles.** Supervisora Calidade Hospital de Monforte. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Pérez Rodríguez, María Teresa.** Enfermeira Hospital de Monforte. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Vázquez Martínez Ana.** Supervisora Calidade Hospital da Mariña. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

REVISORES:

- **Mar Touceda Martínez.** Enfermeira. Centro de Saúde da Parda. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Lidia Campos Chan.** Enfermeira. Supervisora de Procesos de Xestión. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **María Victoria Villanueva López.** Enfermeira. Unidade de Otorrinolaringoloxía e Uroloxía. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Bermejo Montero, Lourdes.** Enfermeira UCI . Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

- **Dapena Álvarez, María José.** Enfermeira de Urxencias. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- **Gómez Espinosa, Rebeca María.** Enfermeira da Unidade de Calidade. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- **Pérez Dinamarca, Andrea del Pilar.** Enfermeira especialista Pediatría UCI-P. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

PROCEDEMENTOS DE ENFERMERÍA

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicaci%C3%B3ns-da-Organizaci%C3%B3n>



Xunta de Galicia 2022. Procedementos de enfermería

Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial–Compartirlgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

Este documento debe ser citado como:

*Basanta A., Castro MM., Jiménez LR., Martínez A., Pérez MT., Vázquez A.
Procedemento de administración de medicación por vía ótica. 2022.*

Santiago de Compostela 2022



XUNTA
DE GALICIA

Índice

XUSTIFICACIÓN.....	7
DEFINICIÓNS.....	7
ABREVIATURAS.....	8
PALABRAS CLAVE.....	8
OBXECTIVOS.....	8
Obxectivo xeral.....	8
Obxectivos específicos.....	8
ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	9
Diagnósticos de enfermería relacionados.....	9
Poboación diana.....	9
Profesionais aos que vai dirixido.....	9
Ámbito asistencial de aplicación.....	10
DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO.....	10
Medios materiais.....	10
Procedemento.....	10
Observacións.....	12
Rexistros.....	13
Avaliación e seguimento.....	13
INDICADORES.....	14
RESPONSABILIDADES.....	15
BIBLIOGRAFÍA.....	15
Bibliografía referenciada.....	15

ANEXOS.....	18
ANEXO I: evidencias e recomendacións Instituto Joanna Briggs (actualización 2014) ⁽¹¹⁾	18
ANEXO II: imaxes da correcta administración de fármacos óticos.....	19

XUSTIFICACIÓN

A finalidade deste procedemento é elaborar un documento que sirva de guía para os profesionais nas actuacións que deben levar a cabo no que atinxe á administración de fármacos por vía ótica e ao adestramento do paciente e aos cuidados no manexo dos dispositivos. O que se pretende é que os profesionais administren de forma correcta a medicación, de maneira que se reduza a variabilidade clínica incorporando as mellores prácticas na actividade asistencial.

A non ser que os fármacos se utilicen durante un longo período de tempo ou en exceso, pouca cantidade de fármaco penetra no torrente sanguíneo, polo que non se producen efectos secundarios sistémicos ou son mínimos. Os fármacos que se poden administrar por vía ótica inclúen hidrocortisona (para aliviar a inflamación), ciprofloxacino (para tratar a infección) e benzocaína (para aliviar a dor de oído).⁽¹⁾



DEFINICIÓNS

Administración de medicamentos: Darlle a unha persoa unha única dose de medicamento.⁽²⁾

Administración de medicamentos por vía ótica: É a administración de fármacos a través de gotas no interior do CAE con fins terapéuticos. Con menos frecuencia empréganse formas sólidas como pomadas.⁽²⁾

Medicamento: Sustancia que, administrada interior ou exteriormente a un organismo animal, serve para evitar, curar ou aliviar a enfermidade e corrixir ou reparar os danos desta.⁽²⁾



ABREVIATURAS

CAE: Conduto auditivo externo

NANDA: *North American Nursing Diagnosis Association*



PALABRAS CLAVE

Oído, pavillón auricular, conduto auditivo externo, administración tópica.



OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

- Unificar as actuacións na administración de medicamentos por vía ótica.

Obxectivos específicos

- Administrar con seguridade e unha asepsia adecuada os fármacos a través da vía ótica.
- Proporcionar os coñecementos necesarios para aplicar correctamente medicamentos óticos con fins diagnósticos, profilácticos e/ou terapéuticos.



ÁMBITO DE APLICACIÓN

Diagnósticos de enfermería relacionados

Diagnósticos NANDA⁽³⁾

- 00004 Risco de infección.
- 00126 Coñecementos deficientes.
- 00132 Dor aguda.
- 00133 Dor crónica.
- 00161 Disposición para mellorar os coñecementos.
- 00182 Disposición para mellorar o autocoidado.
- 00276 Autoxestión ineficaz da saúde.
- 00293 Disposición para mellorar a autoxestión da saúde.
- 02380 Manexo da medicación.

Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Sergas que precisen a administración de medicación por vía ótica.

Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación aos profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde en todos os casos nos que o paciente precise administración de medicación por vía ótica.



DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO

Medios materiais

- Gasas estériles.
- Luvas non estériles, se se precisan^(4,5).
- Soro fisiolóxico, se se precisa.
- Bolsa para residuos.

Procedemento

Antes da administración

1. Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
2. Respeitar a intimidade do enfermo e gardar confidencialidade dos seus datos.
3. Informar ao paciente e/ou ao coidador principal do procedemento a realizar e solicitarlle a súa colaboración, se é posible, recalcando a súa utilidade, usando unha linguaxe comprensible e resolvendo as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos explicarlle o procedemento aos pais.
4. Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.

5. Identificar aos profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
6. Seguindo os cinco principios da administración da medicación⁽²⁾ verificar: fármaco, dose, vía, hora e paciente correcto. Asegurarse de que non existe contraindicación ou alerxia ao fármaco. Seguimento e monitorización de posibles reaccións alérxicas medicamentosas (RAM) ou efectos adversos (EA). **(Nivel II)**.
7. Identificar correctamente o oído onde imos aplicar o tratamento, dereito, esquerdo ou ambos.
8. Asegurar que todo o equipamento necesario estea á man.

Preparación do paciente:

9. Lavado hixiénico das mans **(Nivel I)**.^(4,5)
10. Se existe risco de exposición a fluídos biolóxicos, poñer luvas.
11. Retirar as próteses auriculares en ambos oídos, se as tivese.⁽⁶⁻¹⁰⁾

Administración da medicación

12. Colocar ao paciente en decúbito lateral, sobre o lado contrario ao oído onde se instilase a medicación, ou sentado, coa cabeza inclinada cara ao lado oposto.⁽⁵⁻⁹⁾
(Anexo II: Imaxes da correcta administración de fármacos óticos).
13. Limpar o pavillón auricular cunha gasa humedecida non só para remover secrecións ou cerume senón para limpar de corpos estraños.
14. Abrir o envase que contén o fármaco e deixar a tapa boca arriba, de maneira que non se contaminen os bordos. Rotular o envase coa data de apertura (só se usará ata un mes despois da apertura) e será de uso individual.
15. Aliñar o conduto auditivo estirando suavemente o pavillón da orella, nos adultos e nenos maiores de 2 anos en dirección cara arriba e cara atrás e nos nenos de menos de 2 anos cara abaixo e cara atrás.⁽⁹⁾
16. Instilar as gotas e deixar que estas esvaren pola parede do conduto auditivo, se caen directamente no conduto poden provocar dor. O contagotas non debe tocar o pavillón auricular.^(1,5-9) **(Nivel II)**.
17. Pedirlle ao paciente que permaneza en decúbito lateral de 5 a 10 minutos. Esta posición permite que o fármaco descenda polo conduto auditivo.⁽¹⁾ **(Nivel II)**.

18. Se houberse que administrar o fármaco en ambos os oídos, hai que facelo dunha maneira secuencial e deixar transcorrer 5 minutos entre as dúas administracións. Deste xeito, evítase a saída do medicamento e favorece que o oído externo se impregne adecuadamente.
19. Limpar en caso de que o oído zumegue.
20. Cerrar o frasco de modo aséptico, co fin de evitar que se produza calquera tipo de contaminación.
21. Axudarlle ao paciente a que adopte a postura previa, colocándose primeiro uns minutos en sedestación e despois en bipedestación.
22. Quitar as luvas e realizar o lavado hixiénico das mans.

Observacións

- Non aplique ningún medicamento nos oídos se a etiqueta non indica especificamente para uso ótico.
- É importante non dirixir as gotas cara a membrana do tímpano, sexa cal sexa o proceso de base, porque poden producir dor.
- Antes de aplicar as gotas óticas, é imprescindible coñecer o estado da membrana timpánica, xa que se está perforada a medicación pasaría ao oído medio e poderíanse producir complicacións.
- O fármaco ha de ter unha temperatura similar ao corpo para evitar que unha instilación fría provoque vertixe no paciente. Se é necesario, entibie o fármaco á temperatura corporal, para o que pode introducir o frasco en auga morna ou gardalo no peto durante 30 minutos antes do procedemento. Cómpre salientar que unha instilación fría pode producir no paciente vertixe, náuseas e dor.
- Unha vez administrado o tratamento, non se han de poñer gasas nin algodón no conduto auditivo para evitar que os apósitos absorban por capilaridade parte da medicación, o que suporía unha diminución da eficacia.
- Anticiparse e tomar medidas para previr os movementos rápidos e inesperados do paciente durante a administración do fármaco.

- Vixiar e informar o paciente da necesidade de comunicar calquera signo relacionado coas posibles complicacións.
- Se é a primeira vez que se administra un medicamento, estea alerta; en especial, nos casos de hipersensibilidade coñecida a outros fármacos.
- Desbotar a primeira gota ou porción de pomada, antes de instalar o tratamento.
- Se nalgún momento se toca o oído ou o pavillón auricular co aplicador do medicamento, hai que consideralo contaminado e desbotalo.
- Con respecto aos preparados óticos, é conveniente sinalar que se deben desbotar cando pase un mes da apertura do envase. En caso de fórmulas maxistrais, a súa duración determínaa o Servizo de Farmacia.

Rexistros

- Rexistrar no plan de coidados e na historia clínica electrónica do paciente as accións derivadas do procedemento.
- Deberase anotar o medicamento administrado, a dose, a hora e a resposta do paciente, así como os eventos adversos e/ou os efectos secundarios se os houberse. No caso de non administrar algún medicamento, indique o motivo.⁽¹⁾

Avaliación e seguimento

Este documento será actualizado no prazo de cinco anos (2027) ou cando a evidencia científica poida afectar o recollido no procedemento.



Indicador:

Porcentaxe de rexistro de administración de medicación ótica.

Numerador:

Número de pacientes aos que se lles administrou medicación ótica correctamente rexistrada.

Denominador:

Número total de pacientes aos que se lles pautou medicación ótica.

Indicador:

Porcentaxe de pacientes que coñecen a técnica de administración de medicación ótica.

Numerador:

Número de pacientes/familiares que coñecen a técnica de administración de medicación ótica á alta.

Denominador:

Número total de pacientes/familiares con pauta de medicación ótica para administrar en domicilio á alta.



RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.



BIBLIOGRAFÍA

REFERENCIAS

Edición 01 Procedemento de administración de medicación ótica Femora 2013

Bibliografía referenciada

1. Manual MSD. Administración de los fármacos [sede web]: Manual MSD; 2006 [actualizada el 3 de setembro de 2016; acceso 28 de marzo de 2022]. Dispoñible en: <https://www.msmanuals.com/es-es/hogar/f%C3%A1rmacos-o-sustancias/administraci%C3%B3n-y-cin%C3%A9tica-de-los-f%C3%A1rmacos/administraci%C3%B3n-de-los-f%C3%A1rmacos>
2. Manual de enfermería Pisa. Editorial Panamericana. Capítulo IV. Procedimientos de enfermería máis frecuentes en el Proceso asistencial. [sede web]. México, pisa.com. 2011. [Acceso el 28 de marzo de 2022]. Dispoñible en: <https://www.pisa.com.mx/publicidad/portal/enfermeria/manual/4.htm>

3. Diagnósticos de enfermería NANDA 2021-2023. [sede web] nnnconsult.com. [Acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en: <https://www-nnnconsult-com.mergullador.sergas.es/nanda/283>
4. Manual técnico de referencia para la higiene de manos OMS. [sede web] Suiza, who.int, 2009. Traducción Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, 2010. [Actualizado 2010, acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en: https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/102537/WHO_IER_PSP_2009.02_spa.pdf
5. WHO. Higiene de las manos: ¿por qué, cómo, cuándo? [sede web] Suiza, who.int, 2012. [Edición 2012; acceso 2 de marzo de 2022]. Disponible en: https://www.who.int/gpsc/5may/tools/ES_PSP_GPSC1_Higiene-de-las-Manos_Brochure_June-2012.pdf?ua=1
6. Ciprés Añaños E, Plou González J, Domínguez Romero A. Revista electrónica portales médicos. Rol de enfermería en la administración de medicación por vía ótica. [sede web] revista-portalesmedicos.com, 2019. [Publicado 29 de outubro de 2019, acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en <https://www.revista-portalesmedicos.com/revista-medica/rol-de-enfermeria-en-la-administracion-de-medicacion-por-via-otica/>
7. Botella Dorta C. Administración de medicación ótica [sede web]. A Coruña: Fisterra.com; 2011. [Actualizada el 13 de setembro de 2011; acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/ayuda-en-consulta/tecnicas-atencion-primaria/administracion-medicamentos-por-via-otica/>
8. García Laviana MJ, Méndez Cantera N. Manual de procedimientos de enfermería. Hospital Universitario Central de Asturias. Administración de medicación ótica. [sede web] hca.es, 2014. [Actualizado marzo 2013, acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en:

http://www.hca.es/huca/web/enfermeria/html/f_archivos/Administracion%20medicacion%20via%20otica.pdf
9. Servicio de Farmacia Hospital Infantil Universitario Niño Jesús. Madrid. Información sobre administración de medicamentos en domicilio vía ótica. [internet] [Actualizado en maio de 2020, acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en:

file:///C:/Users/mcasmur1/Downloads/administracion_de_medicamentos_en_dom
micilio_via_otica.pdf

10. Universidad Industrial de Santander. Protocolo de administración de medicamentos. [sede web] uis.edu.co, 2016. [Actualizado 8 de febrero de 2016, acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en:

[https://www.uis.edu.co/intranet/calidad/documentos/bienestar_estudiantil/
protocolos/TBE.42.pdf](https://www.uis.edu.co/intranet/calidad/documentos/bienestar_estudiantil/protocolos/TBE.42.pdf)

11. Niveles de evidencia Instituto Joanna Briggs. Actualización 2014. [internet] ebevidencia.com. [Acceso 28 de marzo de 2022]. Disponible en: <https://ebevidencia.com/archivos/2099>



ANEXOS

ANEXO I: evidencias e recomendacións Instituto Joanna Briggs (actualización 2014)⁽¹¹⁾

Niveis de evidencia

Nivel I	Revisión sistemática de todos os ECA relevantes
Nivel II	Mínimo un ECA ben deseñado
Nivel III.1	Ensaio clínico sen asignación aleatoria ben deseñado
Nivel III.2	Estudios de cohortes ou casos e controis ben deseñados, preferiblemente de máis dun centro ou grupo de investigación
Nivel III.3	Series temporais con ou sen intervención. Resultados importantes en experimentos non controlados
Nivel IV	Opinión de profesionais expertos, estudos descritivos e comités científicos

Graos de recomendación

Nivel II.1	Ensaio controlado non aleatorizado e ben deseñado
Nivel II.2	Estudios de cohortes ou casos-contróis ben deseñados, realizados preferentemente en máis dun centro ou por máis dun grupo de investigación
Nivel II.3	Estudios comparativos de tempo ou lugar, con ou sen intervención
Nivel III	Opinións baseadas en experiencias clínicas, estudos descritivos ou informes de comités de expertos

ANEXO II: imaxes da correcta administración de fármacos óticos.



Instilación de gotas óticas. Imaxe portal Fisterra⁽⁷⁾



Instilación de gotas óticas en adultos e nenos. Imaxes tomadas de Protocolo Hospital Infantil Universitario Niño Jesús de Madrid⁽⁹⁾

Servizo Galego
de Saúde

Asistencia Sanitaria
Procedemento

120
D



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



Xacobeo 21-22